

O xornalista Fran Alonso creou en 2000 o blog Cabrafanada (www.franalonso.eu), un dos pioneiros en lingua galega. Como xornalista, abordou o conflito saharauí en Territorio ocupado (Xerais 1998), Premio Losada Diéguez, ou a biografía de María Mariño (Xerais 2007), entre outros moitos textos de xéneros varios, incluído o infantil.

Estratexias gatunas

LIBROS

VICENTE ARAGUAS



Teño a teoría, e mira que admirei á Gloria Fuertes que escribía poemas “para maiores”, de que os poemas desta dona dirixidos (tamén en teoría) ao público infantil, dirixidos e espallados abundantemente entre as crianzas, fixeron un dano irreparable á poesía. Ao se mudar por causa dos seus ripios, que non vou repetir aquí por respecto a quen me le, nun enxendo infumable. Nun a xeito de tebeos infantícidamente provocadores do infame “malentendu” de que a poesía infantil, para selo, ten de artellar-se a partir de rimas consonantes canto máis previsibles mellor.

E así non, claro, que os cativos teñen o seu código, se non elaborado, ao menos instintivo, que lles permite desfrutar criando os seus “poemas” ou “cancións” desde maneiras obviamente elementais, nas que as asonancias teñen un papel moi ben pautado onde xogar.

E falaba de Gloria Fuertes como podería facelo de toda unha caterva de poetisas e poetas que teñen entrado no campo da literatura infantil como bárbaros, dispostas a que non medre a herba debaixo das ferraduras dos seus cabalos. E é que xa se sabe o que pasa cando se comen ferros vellos. Así as cousas, resulta para min, como crítico de poesía mais sobre todo na miña condición de degustador compulsivo dela, re-



Alonso, o xoves, na Feira do Libro de Ferrol, con Antonio Yáñez

LUIS POLO

“O meu gato é un poeta”
Fran Alonso
Xerais / 12 euros

VIRTUDES

A maquetaxe do libro é tan lúcida como locida; porque os poemas son ricaces, gustosos e variados”

señar con gozo a presenza dun libro como este “O meu gato é un poeta” (Sopa de libros, Edicións Xerais, Vigo, 2011), de Fran Alonso. Un autor de longo percorrido como narrador, poeta, antólogo (o libro de poemas por el escolmado, “Poetízate”, está sendo todo un “best-seller”, demostrando que a poesía pode ser “tamén” divertida), dos que non rexeitan o que se chama literatura infantil-xuvenil.

O que demostra co libro que teño diante miña, e que me está facendo pasar unha tarde moi xeitosa. Porque a maquetaxe do libro, debida ao propio Fran Alonso, contando coa inapresable axuda da informática, é tan lúcida como locida. Porque os poemas do “gato poeta” son ricaces, gustosos e variados. Porque non son nada refitoleiros senón como tirados da vida mesma, así esa virgallada que se chama “O amor” (“O

amor é o bico dun cómic e a paixón no asento traseiro do coche.”). Porque xa que falamos de poesía aquí hai todo un conxunto de maneiras poéticas e tipográficas, tamén de cores, diversas. Porque o libro “interactúa”, a través de páxinas de Dona Internet da Rede, ese prodixio de espantos pero tamén de cousas boas e aínda boisimas.

Porque o libro de Fran Alonso ven acompañado un cedé con música de Xurxo Souto, todo un craque que se deixa de andrómenas e refitoladas. Porque, e agora vai a miña aportación persoal, son moi parcial dos gatos. Tanto que un dos meus libros, para algún o mellor, leva por título “O gato branco”. Así que xa ven.

